

Expediente núm.: 203/2023

Bases

Procedemento: Aprobación de bases de funcionamento e acceso a un servizo municipal

Asunto: aprobación das bases do servizo CONCILIA A LAMA 2023

BASES DO PROGRAMA CONCILIA A LAMA 2023

Artigo 1. Finalidade.

O servizo "CONCILIA A LAMA 2023" ten como finalidade ofrecer un servizo de apoio ás familias do Concello de A Lama para que poidan conciliar a vida persoal, familiar e profesional favorecendo a corresponsabilidade.

Artigo 2. Obxectivos.

- Desenvolver un programa educativo mediante actividades igualitarias, saudables e de respecto pola contorna e o medio ambiente.
- Contribuír ao desenvolvemento persoal e social dos/as menores a través do desfrute dun ocio saudable.
- Incentivar durante as actividades a responsabilidade e a autonomía persoal dos/das menores.
- Promover diariamente hábitos de vida saudables a través de xogos e dinámicas lúdicas.
- Realizar actividades específicas que fomenten a igualdade, a convivencia, a integración, cooperación e participación potenciando valores de amizade, compañeirismo, e respecto.
- Fomentar a sustentabilidade, o coidado do medio ambiente, a reciclaxe e o consumo responsable.
- Promover a corresponsabilidade no ámbito doméstico, animando aos/ás participantes a colaborar todo o posible nas tarefas do fogar en función das súas capacidades.

Artigo 3. Destinatarios/as.

O Programa vai dirixido a nenos e nenas de 3 anos (cumpridos antes do primeiro día do inicio do prazo de solicitude) a 16 anos, empadroados no Concello de A Lama.

Se quedasen prazas baleiras unha vez finalizado o período de inscrición poderían



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

inscribirse nenos e nenas NON empadroados no Concello de A Lama, cuxos proxenitores/as ou proxenitor/a traballe no termo municipal do Concello de A Lama. En cuxo caso terase que acreditar co certificado da empresa actualizado e coa vida laboral actualizada.

Se no transcurso do programa quedasen prazas baleiras, procederase fa facer uso da lista de agarda se a houbese e se non a houbese terán preferencia de acceso ao programa os irmáns/irmás dos nenos e nenas que xa están admitidos ao programa e que no momento da inscrición non puideron realizar a solicitude porque aínda non tiñan os 3 anos.

Artigo 4. Lugar e data.

Período non lectivo de verán : Do 22 de xuño ao 8 de setembro de 2023

Período non lectivo de Nadal: Do 25 de decembro de 2023 ao 5 de xaneiro de 2024

As actividades desenvolveranse en distintos espazos: edificio Multiusos do Concello A Lama, Edificio de Usos Múltiples, espazos exteriores como o parque infantil da Alameda, etc.

Artigo 5. Horario:

Tipo de Horario	Hora de entrada	Horario de saída
Horario normal	9:00	14:00
Horario ampliado	8:30	14:30

Poderá optarse como horario de entrada e de saída entre o horario normal e o horario ampliado.

Artigo 6. Prazas.

Establécese un mínimo de 10 participantes e un máximo de 15.

No caso de haber máis solicitudes que prazas, accederase ao servizo tendo en conta a orde de puntuación acadada trala baremación correspondente.

Artigo 7. Solicitudes e proceso de selección.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

7.1 Solicitudes:

As solicitudes deberán ser presentadas no Rexistro Xeral do Concello de A Lama en horario de 9.00 a 14.00 h. ou na sede electrónica [dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>] e no Taboleiro de anuncios.

As solicitudes realizaranse presentando o ANEXO II e a documentación complementaria.

O prazo para a presentación das solicitudes será de dez días naturais contados a partir do día seguinte á publicación das bases na sede electrónica do Concello de A Lama [dirección <https://concellodalama.sedelectronica.es>] e no Taboleiro de anuncios

7.2 Proceso de selección:

- Baremación das solicitudes e documentación por parte da comisión de baremación
- Publicación lista provisional de admitidos/as
- Presentación de reclamacións á lista provisional de admitidos/as
- Publicación lista definitiva de admitidos/as

Artigo 8. Lista de agarda

Publicada a lista definitiva de admitidos/as confeccionarase unha lista de agarda cos/coas solicitantes excluídos, que seguirá a orde que resulte da baremación.

En función das baixas que se produzan na actividade, os nenos/as entrarán no servizo seguindo a orde na que figuren na lista.

Artigo 9. Comisión de baremación

A comisión de baremación estará composta por:

- O persoal técnico do CIM e de Servizos Sociais
- O/A concelleiro/a de Muller e Igualdade

Artigo 10. Criterios de selección:

- a) Situación sociofamiliar e ocupacional:



- Mulleres vítimas de violencia de xénero: 3 puntos.
- Familias nas que traballen os dous proxenitores: 3 puntos. Acreditarase coa vida laboral actualizada de ambos proxenitores.
- Familias monoparentais nas que o proxenitor/a traballe: 3 puntos. Acreditarase co certificado da Xunta de Galicia de monoparentalidade e coa vida laboral actualizada do proxenitor/a.
- Familia monoparental sen requisito de estar traballando: 2 puntos. Acreditarase co certificado actualizado da Xunta de Galicia de monoparentalidade
- Familias nas que traballen un dos dous proxenitores: 1 punto. Acreditarase coa vida laboral actualizada do proxenitor traballador.
- Cargas familiares: existencia de responsabilidades familiares, entendéndose por estas ter a cargo da persoa traballadora desempregada que se contrata e sen que perciban ningún tipo de ingresos: o/a cónxuxe, ou parella de feito, fillos e fillas menores de vinte e seis anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores acollidos/as: Máximo 2 puntos (0,5 puntos por cada persoa ó seu cargo).
- Proxenitoras en situación de desemprego de longa duración: 0,5 puntos
- Proxenitoras maiores de 45 anos: 0,5 puntos

b) Situación económica:

Para baremar a situación económica terase en conta os datos da unidade familiar, entendida como o grupo de individuos cun vínculo de parentesco que poidan tributar conxuntamente no IRPF, atendendo á situación que exista a 31 de decembro de 2021. Segundo a Axencia Tributaria pódense distinguir dúas modalidades de unidade familiar:

- Os cónxuxes unidos en matrimonio e os fillos menores de idade naturais ou adoptados (excepto os que vivan de maneira independente e con autonomía económica), ou os maiores de idade incapacitados xudicialmente e suxeitos a patria potestade prorrogada.
- En caso de que non exista matrimonio (por separación, divorcio ou falecemento dun dos cónxuxes) a unidade familiar estará composta polo pai ou a nai e os fillos que convivan con un deles (e cumpran os requisitos do punto anterior).

Acreditarase coa declaración a renda do ano 2021 dun ou de ambos proxenitores segundo proceda, ou se non se realizou dita declaración co certificado de imputacións, dun ou de ambos proxenitores segundo proceda.



En base á renda per cápita (RPC) mensual da unidade familiar referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) vixente (cuxos datos serán extraídas da última declaración da renda presentada):

- Inferior ou igual ao 50% IPREM: 3 puntos
- Inferior ou igual ao 100% do IPREM: 2 puntos

11. Recursos humanos

O Programa Concilia A Lama 2023 estará a cargo de persoal cualificado segundo especifica o artigo 6.4 da Resolución de 20 de abril de 2023, publicada no DOG Núm. 87 do 08.05.23.

12. Medidas de prevención fronte a COVID-19

- Formación no protocolo de prevención fronte á Covid-19 da persoa encargada do desenvolvemento do Programa
- Declaración responsable a cumprimentar polas familias para garantir o bo estado de saúde do/a menor participante.
- Toma diaria de temperatura tanto do persoal como dos/as usuarios/as.
- Uso diario de xel hidroalcohólico e control de lavado de mans.
- Uso obrigatorio de máscara por parte da monitora e de todos os nenos e nenas.
- Ventilación frecuente do espazo interior
- Limpeza e desinfección diaria do mobiliario e material de xogo utilizados con produtos rexistrados no listado publicado polo Ministerio de Sanidade.
- Mantemento da distancia de seguridade dentro do propio grupo durante as actividades estáticas
- Uso de materiais de xogo de fácil desinfección (aros, conos, pelotas, balóns, pezas de construción)
- Material individual para cada neno/a identificado co seu nome (recipiente plástico con lapis, goma, afialapis, cores, tesoiras e barra de cola)

ANEXO I DOCUMENTACIÓN PARA ACHEGAR COA SOLICITUDE



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

- DNI do pai, nai, titor/ra ou representante legal do/a menor
- DNI do/a neno/a participante
- Declaración da renda 2021 da unidade familiar segundo proceda, ou certificado de imputacións no caso de non ter feita a declaración.
- Vida laboral actualizada dun o dos dous proxenitores segundo proceda
- Certificado actualizado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia
- No caso dos nenos/as non empadroados no Concello de A Lama, cuxo proxenitor/a ou proxenitores/as traballen no termo municipal do Concello de A Lama: certificado da empresa actualizado e vida laboral actualizada do/dos proxenitores
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero se é o caso.
- Acreditación de ser proxenitora en situación de desemprego de longa duración: informe dos períodos de inscrición de desemprego da oficina de emprego.
- Acreditación documental xustificativa da existencia de cargas familiares:
 - Orixinal ou copia compulsada do Libro de Familia
 - Volante de convivencia
 - Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito da Xunta de Galicia ou da Comunidade Autónoma correspondente.
 - Certificado de discapacidade dos fillos e fillas maiores de 26 anos con discapacidade que se poidan considerar ao seu cargo ao non ter ingresos.
 - Sentencia xudicial de incapacitación, curatela ou defensa xudicial e aceptación do cargo de titor ou curador con respecto á persoa incapacitada.
 - Resolución administrativa de menores en acollemento
 - Orixinal ou copia compulsada da Declaración da renda das persoas físicas 2021 (IRPF) ou certificado de imputacións de RENTA 2021 das persoas que se declaren a cargo como responsabilidade familiar.

ANEXO II SOLICITUDE

INSTANCIA SOLICITUDE PARTICIPACIÓN CONCILIA A LAMA 2023

DATOS DO SOLICITANTE

Apelidos e Nome ou Razón Social :



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

Enderezo (Rúa,vía ou lugar,núm.,piso e letra)		C.P.	Municipio	Provincia
N.I.F ou D.N.I	Teléfono	Fax	Correo electrónico	

EXPÓN:

Sendo coñecedor/a do programa CONCILIA A LAMA 2023, **declaro que cumpro os seguintes requisitos:**

- **O/A neno/a ten entre 3 anos** (cumpridos antes do primeiro día do inicio do prazo de solicitude) **e 16 anos, E está empadroado/a** no Concello de A Lama.
- Ou**
- **Ambos proxenitores ou un proxenitor ten o centro de traballo no termo municipal do Concello de A Lama.**

SOLICITA:

Inscribir ao meu fillo/a ou fillos/as para o **período de verán:**

FILLO 1: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 2: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 3: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 4: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

Inscribir ao meu fillo/a ou fillos/as para o **período de Nadal:**

FILLO 1: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 2: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 3: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____

FILLO 4: Nome _____ Idade _____ Data nacemento: _____



Achega a seguinte documentación:

- DNI do pai, nai, titor/ra ou representante legal do/a menor
- DNI do/a neno/a participante
- Declaración da renda 2021 da unidade familiar segundo proceda, ou certificado de imputacións no caso de non ter feita a declaración.
- Vida laboral actualizada dun o dos dous proxenitores segundo proceda
- Certificado actualizado de monoparentalidade emitido pola Xunta de Galicia
- No caso dos nenos/as non empadroados no Concello de A Lama, cuxo proxenitor/a ou proxenitores/as traballen no termo municipal do Concello de A Lama: certificado da empresa actualizado e vida laboral actualizada do/dos proxenitores
- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero se é o caso.
- Acreditación de ser proxenitora en situación de desemprego de longa duración: informe dos períodos de inscrición de desemprego da oficina de emprego.
- Acreditación documental xustificativa da existencia de cargas familiares:
 - Orixinal ou copia compulsada do Libro de Familia
 - Volante de convivencia
 - Certificado de inscrición no Rexistro de Parellas de Feito da Xunta de Galicia ou da Comunidade Autónoma correspondente.
 - Certificado de discapacidade dos fillos e fillas maiores de 26 anos con discapacidade que se poidan considerar ao seu cargo ao non ter ingresos.
 - Sentencia xudicial de incapacitación, curatela ou defensa xudicial e aceptación do cargo de titor ou curador con respecto á persoa incapacitada.
 - Resolución administrativa de menores en acollemento
 - Orixinal ou copia compulsada da Declaración da renda das persoas físicas 2021 (IRPF) ou certificado de imputacións de RENTA 2021 das persoas que se declaren a cargo como responsabilidade familiar.

A Lama, a ___ de _____ de 2023
Sinatura

ANEXO III NORMAS PARA O BO FUNCIONAMENTO

1- Ao inicio do servizo os pais/nais titores ou responsables legais deberán cubrir unha ficha de matricula facilitando un teléfono de contacto para o persoal do centro durante a prestación do servizo. Así mesmo, deberán asinar as autorizacións para: asistencia actividades do servizo, administración de medicamentos (se fose necesario



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238.

e indicando horas, dose e receita médica), trasladar ao neno/a en caso de emerxencia, recollida doutra persoa do/a neno/a.

2- Os/as nenos /as deberán asistir ao servizo en condicións de hixiene axeitadas.

3- No caso de o/a neno/a estea enfermo/a, teña febre, diarrea ou vómitos, ou síntomas compatibles coa COVID-19, non poderá asistir.

4- Os/as nenas deberán cumprir os horarios de entrada e saída. Se houberse algunha variación extraordinaria na entrada e recollida débese avisar con antelación.

5- En caso de non asistencia ao servizo, deberá ser comunicada e xustificada. Por faltas de asistencia non comunicada ou non xustificada por un período superior a tres días, poderá conlevar a perda da praza.

6- Os alimentos para a merenda serán aportados polas familias, seguindo unha dieta saudable e equilibrada para os nenos/as.

7- Os nenos/as traerán roupa cómoda que facilite a mobilidade e virán provistos dunha mochila que conteña unha gorra ou visera, unha botella de auga co seu nome, e os de 3 a 6 anos unha muda completa.

8- En todo momento, primará o bo trato, o respecto e a comunicación axeitada entre as familias, os/as nenos/as, e os técnicos do servizo.

9- Será motivo de baixa e perda da praza:

- Por solicitude dos pais/nais ou titores legais
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados
- Por falta de asistencia non comunicada ou non xustificada durante un período superior a tres días.
- Por incumprimento reiterado das normas, tanto por parte do usuario/a como da familia.

As baixas producidas por calquera un destes motivos cubriranse coas solicitudes da lista de agarda.

A Lama, na data que figura á marxe

O alcalde en funcións,

Jorge Canda Martínez

